

PLANIFICACIÓN DO PAT CURSO 2021/2022

Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

Ficha PROPOSTA PAT Master Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde curso 2021/2022	
ACTIVIDADE	XUSTIFICACIÓN
Act. 1. Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 23/09/2021	-Presentación da programación do master, materias e responsables de cada materia. -Presentación da materia TFM, procedementos e normativa. -Presentación da materia prácticas, procedementos e normativa. -Explicación dos modos de contacto coa coordinación e responsables de materias. -Asignación de titores aos alumnos (PAT). -Explicación do funcionamento e dinámicas do master, acceso á plataforma da universidade (moovi) e conta de correo. -Explicacións xerais sobre a facultade e Universidade de Vigo.
Act. 2. Asesoramento Seguimento continuo. 16/12/2021	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do primeiro cuatrimestre. -Interese por parte da coordinación do estado dos TFMs. - Asignación de prácticas aos alumnos.
Act. 3. Análise-Avaliación final do PAT. 17/03/2022	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do curso, quedando so pendentes as prácticas e defensas de TFM en xullo, xa que ninguén solicitou marzo. - Dúvidas dos alumnos respecto ao TFM. - Avaliación do master por parte dos alumnos e suxerencias para vindeiros cursos.
ACTIVIDADES DE ACOLLIDA	XUSTIFICACIÓN
Xornada de presentación. 23/09/2021	Dende a coordinación presentárase información do master (materias, profesorado, acceso á plataforma, procedementos do TFM e prácticas, o PAT...). Finalmente proporase unha quenda de preguntas na que os alumnos formularán todas as súas inquietudes.
ACTIVIDADES DE APOIO E SEGUIMENTO	XUSTIFICACIÓN
Reunión Grupal. 16/12/2021	Dende a coordinación preguntárase aos alumnos como se desenvolveu o primeiro cuatrimestre e a avaliación continua (quedando aínda pendentes os exames de xaneiro). A coordinación tamén se interesará polo estado dos TFMs. Finalmente, a coordinación preguntará polo tema de prácticas.
Reunión Grupal. 17/03/2022	Dende a coordinación preguntárase aos alumnos como se desenvolveu o segundo cuatrimestre e curso en xeral. A coordinación tamén se interesará polo estado dos TFMs, xa que no primeiro cuatrimestre a maioría optou directamente pola defensa en xullo. Finalmente, a coordinación matizará pequenos detalles das prácticas, próximas ao seu inicio.

En canto á titorización, ademais das sesións sinaladas, o alumno poderá contactar en calquera momento do curso coa coordinación, ben a través do mail (secretaria@masterturismoourense.es), teléfonos (988368738 ou 988368865) ou concertar unha cita persoal ou online a través do despacho remoto do coordinador do master.

Ademais, o master ofrece unha rica e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas. Toda estas actividades son publicitadas aos alumnos a través de diferentes medios físicos e electrónicos, e está dispoñible na páxina web do master (menú blog), así como no seu facebook e Instagram.